



# **CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)**

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

## **ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO POLA CORPORACIÓN DE NEGREIRA CON DATA DE 27 DE XANEIRO DE 2016.**

### **Asisten**

#### **Presidente**

Don Jorge Jesús Tuñas Caamaño

#### **Concelleiros/as**

Dona María Jesús Veiga Hortas

Don Manuel Angel Leis Míguez

Dona Flora Grille Novio

Dona María del Mar García Vidal

Don José Daniel Casal Leis

Don Juan José Rey Maceira

Dona María José Carballo Villar

Don Manuel Hombre Porto

Dona Lorena Rivas Rial

Don Marcelino García Pedrares

Don José Manuel López Lago

Dona María del Carmen Vieites Pardo

#### **Secretaria**

Dona Asunción García Laseca

No Salón de Sesiões do Concello de Negreira, sendo as vinte horas e tres minutos do día de referencia, reúnese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de primeira convocatoria coa asistencia dos Sres. Concelleiros/as antes relacionados, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Jorge Jesús Tuñas Caamaño, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Asunción García Laseca.

Reunido o Pleno da Corporación cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico asa Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, en particular co cuorum de asistencia necesario, segundo dispón a referida norma a Presidencia declara aberta a sesión celebrándose con arranxo á seguinte orde do día:

**PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTA COMBA, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCION Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO.”**

En cumprimento do disposto polo artigo 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dada a falta de

ditame da Comisión Informativa correspondente, pola Presidencia pásase a votación a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno

**A Corporación, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno.**

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións** producíndose as seguintes:

A **Sra. Veiga, Voceira do Equipo de Goberno**, da lectura á Proposta de Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2016.

**Sr. Hombre:** Votamos a favor da ratificación da inclusión do punto na orde do día, mais necesitamos saber as razóns da urxencia que levaron a non convocar a Comisión Informativa correspondente.

**Sr. Alcalde:** O próximo día 30 remata o prazo para presentar a documentación correspondente á subvención da que trata o Convenio ó que se refire o punto no que nos atopamos. Con posterioridade á convocatoria deste Pleno tivemos coñecemento da prórroga do devandito prazo.

Ó antedito, que afecta tamén ós puntos segundo e terceiro da orde do día deste Pleno, compre engadir que un dos tres Convenios, tivo que ser modificado co conseguinte retraso.

**Sr. Hombre:** Aquí ven a aprobación o Convenio exclusivamente, non o contido do Obradoiro de Emprego, non é así?

**Sr. Alcalde:** Efectivamente as Técnicas dos diferentes Concellos están a elaborar os módulos que se solicitarán.

**Sr. Hombre:** Cal é a maioría necesaria para aprobar este punto?

**Sr. Alcalde:** Maioría absoluta.

**Sr. López:** Imos votar a favor como sempre que se trata de fomentar o emprego, tendo en conta que temos unhas taxas de paro xuvenil que acadan o 55%.

Pola Presidencia, **dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Aprobar o Convenio de colaboración, entre os concellos de Santa Comba, A Baña, Negreira e Val do Dubra para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de Emprego, ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria publicada no DOG nº 248, de 30 de decembro de 2015 cuxo contido figura como Anexo do presente acordo.

**Segundo.-** Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura, en representación do Concello de Negreira, do devandito Convenio.



## **CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)**

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [correo@concellodenegreira.es](mailto:correo@concellodenegreira.es)

### **ANEXO**

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTA COMBA, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO.**

En Santa Comba, , a \_\_\_ de xaneiro de 2016

### **REUNIDOS**

Don José Antonio Ucha Velo, alcalde- presidente do Concello de Santa Comba, D. José Andrés García Cardeso, alcalde- presidente do Concello da Baña, D. Antonio Negreira Noya , alcalde- presidente do Concello de Val do Dubra, D. Jorge Tuñas Caamaño, alcalde- presidente do Concello de Negreira, e, actuando en nome e representación dos respectivos concellos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio e para tal efecto,

### **EXPOÑEN**

PRIMEIRO.- Con data de 30 de decembro de 2015 publicouse no D.O.G. Nº 248 a Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

SEGUNDO.- Dita orde establece no seu artigo 3 os requisitos para ser beneficiarios da subvención, establecendo no punto 3.2 que os concellos deberán ter un número mínimo de 500 persoas desempregadas no seu ámbito territorial de acordo coas estatísticas oficiais da Consellería de Economía, Emprego e Industria de paro rexistrado en data 31/12/2015. Se ben este requisito non será de aplicación cando a solicitude ou actuacións propostas engloben cando menos tres concellos limítrofes.

TERCEIRO.- Tendo en conta a realidade socio-demográfica destes concellos limítrofes, as catro administracións aprecian a necesidade de realizar un obradoiro de emprego conxunto que abarque os respectivos ámbitos territoriais, dadas as evidentes necesidades de mellorar a formación e ocupabilidade das persoas mozas desempregadas da zona mediante a realización de obras de interese social que activen o desenvolvemento territorial.

Estes programas, ademais de formar a persoas de dezaioito anos ou máis anos que estean inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, desempregadas, nas especialidades formativas que se impartan, permítelles adquirir experiencia profesional e acadar formación en varias materias. A estas importantes finalidades engádesse a recuperación de espazos públicos e a execución de obras para tódolos cidadáns.

CUARTO.- Considerando o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 3 a 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, no marco das súas respectivas competencias, os concellos de Santa Comba, A Baña, Negreira e Val do Dubra concretan as súas actuacións no marco do presente Convenio de Colaboración para levar a cabo a solicitude e demais actuacións para a execución conxunta dun obradoiro de emprego nos termos da citada Orde do 30 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Ante o cal as partes asinantes formalizan o seguinte convenio de colaboración coas cláusulas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRO. OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto determinar as condicións polas cales se levará a cabo, no sucesivo, a colaboración entre os concellos de Santa Comba, A Baña, Val do Dubra e Negreira para a solicitude e demais actuacións precisas para a execución conxunta dun Obradoiro de Emprego nos termos da citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación acada o territorio dos concellos de Santa Comba, A Baña, Val do Dubra e Negreira.

A denominación do Obradoiro será “ Xallas-Barcala-Dubra IV ”

### TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

O Concello de Santa Comba será o responsable técnico e administrativo da xestión do convenio de colaboración para solicitar e levar a cabo de forma conxunta un obradoiro de emprego nos termos da citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria., representando aos catro concellos en todas as relacións coa Xunta de Galicia.

A tal efecto o Concello de Santa Comba procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Corresponderalle a designación dos representantes dos catro concellos para formar parte do grupo de traballo mixto; así como a contratación do persoal seleccionado.

Cada un dos catro concellos deberá aprobar as actuacións concretas a realizar no seu Concello e o proxecto de obradoiro conxunto a realizar nos catro concellos. Así mesmo, deberán certificar a dispoñibilidade dos bens nos que se desenvolverán as actuacións, e



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [correo@concellodenegreira.es](mailto:correo@concellodenegreira.es)

as fontes de financiamento propias para as actuacións do seu Concello que non sexan financiados pola Xunta de Galicia.

Os Concellos de A Baña, Val do Dubra e Negreira deberán delegar no Concello de Santa Comba as súas facultades para a tramitación administrativa do expediente en nome dos catro concellos ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención para o Obradoiro de Emprego ao abeiro da Orde de 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiro de emprego. E deberán remitir ao Concello de Santa Comba a documentación correspondente aos seus concellos esixida no artigo 17 da orde da convocatoria.

O Concello de Santa Comba deberá aceptar a delegación dos Concellos de A Baña, Negreira, e Val do Dubra, e deberá remitir, como responsable técnico e administrativo, a correspondente solicitude e documentación preceptiva á Xunta de Galicia.

### CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no que non apareza regulado nas mesmas, serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo vixentes no momento da sinatura do presente convenio.

### QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, os cales serán nomeados polos seus respectivos Alcaldes-Presidentes.

### SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio está condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención para a execución do Obradoiro de Emprego “Xallas-Barcala-Dubra IV” ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria..

### SÉTIMA – GASTOS NON FINANCIADOS

Os gastos xerados polo obradoiro de emprego non financiados pola subvención serán custeados polos concellos de Santa Comba, A Baña, Negreira, e Val do Dubra en partes iguais vía orzamento municipal e con suxeición ás normas orzamentarias en vigor, exceptuando os gastos xerados con ocasión das obras levadas a cabo por cada concello no seu termo municipal, que serán abonados polo concello beneficiario.

Dentro destes gastos entenderanse incluídos os seguintes:

1. Indemnizacións por asistencia aos tribunais de selección.
2. Gastos producidos pola tramitación das nóminas dos docentes e alumnos.
3. Indemnizacións por fin de contrato.
4. Outros gastos non subvencionados, previa aceptación polos concellos asociados.

En calquera caso, será preciso informe da Intervención do Concello de Santa Comba sobre os conceptos e importes dos gastos citados. O pago deberá realizarse no prazo de quince días dende a recepción dos informes citados.

E para a debida constancia de todo o convido, asinan este convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.

O Alcalde de Santa Comba O Alcalde de A Baña

D. José Antonio Ucha Velo                      D. Jose Andrés García Cardeso

O Alcalde de Negreira                      O Alcalde de Val do Dubra

D. Jorge Tuñas Caamaño                      D. Antonio Negreira Noya

**PUNTO SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE VAL DO DUBRA, DA BAÑA, E NEGREIRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCION Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO.**

En cumprimento do disposto polo artigo 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dada a falta de ditame da Comisión Informativa correspondente, pola Presidencia pásase a votación a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno

**A Corporación, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno.**

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións** producíndose as seguintes:

A **Sra. Veiga, Voceira do Equipo de Goberno**, da lectura á Proposta de Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2016.

**Sr. Hombre:** Qué tramos de idade están incluídos no Convenio?

**Sr. Alcalde:** Tódolos rangos de idade e sectores de poboación poden ser beneficiarios.

**Sr. Hombre:** Cal é a razón de que teñamos que asociarnos con outros Concellos para solicitar esta subvención?

**Sr. Alcalde:** É debido a que no baremo da subvención incrementase a puntuación no caso de agrupación de Concellos.

**Sr. Hombre:** Cando vostedes estaban na oposición fixéronnos a mesma pregunta, que mereceu por parte nosa idéntica resposta á que veño de



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

escoitarlle, Sr. Alcalde. Tivemos que levar o asunto a dous Plenos sucesivos debido á falta de maioría ó non votar vostedes en sentido favorable.

**Sr. Alcalde:** No mandato do Sr. García Fuentes conqueiuse por este Concello, en solitario, un Obradoiro de Emprego, e de ahí a nosa pregunta. En canto ó sentido do noso voto daquela, foi debido ó noso descoñecemento da necesidade de maioría cualificada para considerar aprobado o punto. Non hai que esquivar as dúas ocasións nas que cambiamos o noso voto para que saíran adiante, por maioría absoluta, acordos tan importantes como os referentes á contratación da piscina cuberta.

**Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Aprobar o Convenio de colaboración, entre os concellos de Val do Dubra, da Baña e Negreira para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de Emprego, ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria publicada no DOG nº 248, de 30 de decembro de 2015, cuxo contido figura como Anexo do presente acordo.

**Segundo.-** Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura, en representación do Concello de Negreira, do devandito Convenio.

### ANEXO

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE VAL DO DUBRA, DA BAÑA, E NEGREIRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO.

En Val do Dubra, a -----de xaneiro de 2016

#### REUNIDOS

D. Antonio Negreira Noya, Alcalde-Presidente do Concello de Val do Dubra, D. José Andrés García Cardeso, Alcalde-Presidente do Concello da Baña, D. Jorge Jesús Tuñas Caamaño, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, actuando en nome e representación dos respectivos concellos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio e para tal efecto,

#### EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Con data de 30 de decembro de 2015 publicouse no D.O.G. (nº248) a Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

SEGUNDO.- Dita orde establece no seu artigo 3 os requisitos para ser beneficiarios da subvención, establecendo no punto 3.2 que os concellos deberán ter un número mínimo de 500 persoas desempregadas no seu ámbito territorial de acordo coas estatísticas oficiais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de paro rexistrado en data 31/12/2014. Se ben este requisito non será de aplicación cando a solicitude ou actuacións propostas engloben cando menos tres concellos limítrofes.

TERCEIRO.- Tendo en conta a realidade socio-demográfica destes concellos limítrofes, as tres administracións aprecian a necesidade de realizar un obradoiro de emprego conxunto que abarque os respectivos ámbitos territoriais, dadas as evidentes necesidades de mellorar a formación e ocupabilidade das persoas desempregadas da zona mediante a realización de obras de interese social que activen o desenvolvemento territorial.

Estes programas, ademais de formar a persoas de dezaoito anos ou máis anos desempregadas, nas especialidades formativas que se impartan, permítelles adquirir experiencia profesional e acadar formación en varias materias.

CUARTO.- Considerando o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 3 a 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, no marco das súas respectivas competencias, os concellos de Val do Dubra, da Baña, e Negreira, concretan as súas actuacións no marco do presente Convenio de Colaboración para levar a cabo a solicitude e demais actuacións para a execución conxunta dun obradoiro de emprego nos termos da citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria..

Ante o cal as partes asinantes formalizan o seguinte convenio de colaboración coas cláusulas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRO. OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto determinar as condicións polas cales se levará a cabo, no sucesivo, a colaboración entre os concellos de Val do Dubra, da Baña, e Negreira para a solicitude e demais actuacións precisas para a execución conxunta dun obradoiro de emprego no termos da citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación acada o territorio dos concellos de Val do Dubra, da Baña, e Negreira.

A denominación do Obradoiro será “ Barcala-Dubra II”

### TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

O Concello de Val do Dubra será o responsable técnico e administrativo da xestión do convenio de colaboración para solicitar e levar a cabo de forma conxunta un obradoiro



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [correo@concellodenegreira.es](mailto:correo@concellodenegreira.es)

de emprego nos termos da citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, representando aos tres concellos en todas as relacións coa Xunta de Galicia.

A tal efecto o Concello de Val do Dubra procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Corresponderalle a designación dos representantes dos tres concellos para formar parte do grupo de traballo mixto; así como a contratación do persoal seleccionado.

Cada un dos tres concellos deberá aprobar as actuacións concretas a realizar no seu Concello e o proxecto de obradoiro conxunto a realizar nos tres concellos. Así mesmo, deberán certificar a dispoñibilidade dos bens nos que se desenvolverán as actuacións, e as fontes de financiamento propias para as actuacións do seu Concello que non sexan financiados pola Xunta de Galicia.

Os Concellos da Baña e Negreira deberán delegar no Concello de Val do Dubra, as súas facultades para a tramitación administrativa do expediente en nome dos tres concellos ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención para o Obradoiro de Emprego ao abeiro da Orde de 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiro de emprego. E deberán remitir ao Concello de Val do Dubra a documentación correspondente aos seus concellos esixida no artigo 18 da orde da convocatoria.

O Concello de Val do Dubra deberá aceptar a delegación dos Concellos de Negreira, e da Baña, e deberá remitir, como responsable técnico e administrativo, a correspondente solicitude e documentación preceptiva á Xunta de Galicia.

### CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no que non apareza regulado nas mesmas, serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo vixentes no momento da sinatura do presente convenio.

### QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, os cales serán nomeados polos seus respectivos Alcaldes-Presidentes.

### SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio está condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención para a execución do Obradoiro de Emprego “Barcala-Dubra II” ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria. E para a debida constancia de todo o convindo, asinan este convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.

### SÉTIMA – GASTOS NON FINANCIADOS

Os gastos xerados polo Obradoiro de Emprego non financiados pola subvención serán custeados polos concellos da Baña, Negreira e Val do Dubra en partes iguais vía orzamento municipal e con suxeición ás normas orzamentarias en vigor.

En calquera caso, será preciso informe da Intervención do Concello de Val do Dubra sobre os conceptos e importes dos gastos citados. O pago deberá realizarse no prazo de quince días dende a recepción dos informes citados.

O Alcalde de Val do Dubra

D. Antonio Negreira Noya

O Alcalde de A Baña

O Alcalde de Negreira

D Jose Andrés García Cardeso

D Jorge Jesús Tuñas Caamaño

**PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DA BAÑA, SANTA COMBA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN INTEGRAL PARA O EMPREGO.**

En cumprimento do disposto polo artigo 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dada a falta de ditame da Comisión Informativa correspondente, pola Presidencia pásase a votación a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno

**A Corporación, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno.**

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións** producíndose as seguintes:

A **Sra. Veiga, Voceira do Equipo de Goberno**, da lectura á Proposta de Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2016.

**Sr. Hombre:** Qué porcentaxe de inserción contempla a subvención?

**Sr. Alcalde:** Creo que un 10%, dependendo sempre da existencia de nichos de traballo axeitados.

O ano pasado solicitouse a mesma subvención, que non nos foi concedida.

**Sr. López:** Cales son os ámbitos que abarca?

**Sra. Veiga:** Idiomas, orientación, coaching, capacidade emprendedora, novas tecnoloxías, mobilidade laboral, etc....

**Sr. Alcalde:** A duración é de 12 meses e o que se pretende é a inserción laboral posterior.



## **CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)**

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [correo@concellodenegreira.es](mailto:correo@concellodenegreira.es)

Pola Presidencia, **dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Aprobar o Convenio de colaboración, entre concellos da Baña, Santa Comba, Negreira e Val do Dubra para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Plan Integral para o Emprego, ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria publicada no DOG nº 248, de 30 de decembro de 2015. cuxo contido figura como Anexo do presente acordo.

**Segundo.-** Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura, en representación do Concello de Negreira, do devandito Convenio.

### **ANEXO**

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DA BAÑA, SANTA COMBA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCION Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN INTEGRAL PARA O EMPREGO.**

En A Baña, a 27 de xaneiro de 2016

### **REUNIDOS**

D. Jose Andrés García Cardeso, Alcalde-Presidente do Concello da Baña, D. Antonio Negreira Noya, Alcalde-Presidente do Concello de Val do Dubra, D. Jorge Jesús Tuñas Caamaño, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, e D. José Antonio Ucha Velo, Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba, actuando en nome e representación dos respectivos concellos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio e para tal efecto,

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Con data de 30 de decembro de 2015 publicouse no D.O.G. (nº 248) a Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017.

SEGUNDO.- Dita orde establece no seu artigo 4 os requisitos para ser beneficiarios da subvención para o desenvolvemento dos programas regulados nesta orde, establecendo no punto 4.1.a que as entidades locais, sempre que por si soas ou asociadas teñan unha media de paro rexistrado no ano 2015 superior a 500 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos.

TERCEIRO.- Tendo en conta a realidade socio-demográfica destes concellos limítrofes, as catro administracións aprecian a necesidade de realizar un Programa Integrado para o emprego, en xeral, para o conxunto que abarque os respectivos ámbitos territoriais, dadas as evidentes necesidades de mellorar a formación e ocupabilidade das persoas desempregadas da zona mediante a realización dun programa integrado para o emprego con intermediación laboral, durante un período de 12 meses.

Enténdese por programas integrados de emprego con intermediación laboral aqueles proxectos que combinen accións de diferente natureza, tales como:

- a) Información, orientación e asesoramento.
- b) Formación transversal en novas tecnoloxías e/ou idiomas.
- c) Técnicas de coaching, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea.
- d) Habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista.
- e) Fomento da capacidade emprendedora.
- f) Prospección empresarial.
- g) Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes.
- h) Formación prevista para o emprego distinta á prevista na letra b).
- i) Prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia co contido teórico-práctico das accións formativas.
- j) Mobilidade laboral.
- k) Todas aquelas accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas demandantes de emprego.

CUARTO.- Considerando o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 3 a 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, no marco das súas respectivas competencias, os concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra concretan as súas actuacións no marco do



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf. 981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

presente Convenio de Colaboración para levar a cabo a solicitude e demais actuacións para a execución conxunta dun Programa integrado para o emprego regulado citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Ante o cal as partes asinantes formalizan o seguinte convenio de colaboración coas cláusulas seguintes:

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRO. OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto determinar as condicións polas cales se levará a cabo, no sucesivo, a colaboración entre os concellos da Baña, Val do Dubra, Santa Comba e Negreira para a solicitude e demais actuacións precisas para a execución conxunta dun Programa integrado para o emprego regulado na citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

#### SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación acada o territorio dos concellos da Baña, Val do Dubra, Santa Comba e Negreira.  
A denominación do Programa integrado para o emprego será “ Xallas-Tambre”

#### TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

O Concello da Baña será o responsable técnico e administrativo da xestión do convenio de colaboración para solicitar e levar a cabo de forma conxunta un Programa integrado para o emprego regulado citada Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, representando aos catro concellos en todas as relacións coa Xunta de Galicia.

A tal efecto o Concello da Baña procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Corresponderalle ao Servizo Público de Emprego de Galicia, coa participación das entidades beneficiarias e mediante un procedemento de selección específico para estes programas regulado mediante instrución.

Na memoria explicativa do programa recollerase a realización conxunta do proxecto coa indicación das achegas económicas e doutra índole dos concellos agrupados, e o importe da subvención que se aplicará a cada un deles.

Os Concellos de Val do Dubra, Negreira e Santa Comba deberán delegar no Concello da Baña as súas facultades para a tramitación administrativa do expediente en nome dos catro concellos ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención para o Programa integrado para o emprego ao abeiro da Orde de 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvención para a posta en práctica de programas integrados para o emprego. E deberán remitir ao Concello da Baña a documentación correspondente aos seus concellos esixida no artigo 5 da orde da convocatoria.

O Concello da Baña deberá aceptar a delegación dos Concellos de Negreira, Santa Comba e Val do Dubra, e deberá remitir, como responsable técnico e administrativo, a correspondente solicitude e documentación preceptiva á Xunta de Galicia.

#### CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no que non apareza regulado nas mesmas, serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo vixentes no momento da sinatura do presente convenio.

#### QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, os cales serán nomeados polos seus respectivos Alcaldes-Presidentes.

#### SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio está condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención para a posta en práctica de programa integrado para o emprego “Xallas-Tambre” durante os anos 2016 e 2017. O abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

#### SÉTIMA – GASTOS NON FINANCIADOS

Os gastos xerados polo Plan Integral de Emprego non financiados pola subvención serán custeados polos concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra en partes iguais vía orzamento municipal e con suxeición ás normas orzamentarias en vigor.

En calquera caso, será preciso informe da Intervención do Concello da Baña sobre os conceptos e importes dos devanditos gastos. O pago deberá realizarse no prazo de quince días dende a recepción dos informes citados.

E para a debida constancia de todo o convindo, asinan este convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.

O Alcalde de Negreira

Alcalde de Santa Comba

D. Jorge Jesús Tuñas Caamaño

D. José Antonio Ucha Velo

O Alcalde de A Baña

O Alcalde de Val do Dubra

D. Jose Andrés García Cardeso

D. Antonio Negreira Noya

**PUNTO CUARTO.- POS 2016.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 8/2016, DO 15 DE XANEIRO.**



## **CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)**

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

**Sr. Alcalde:** A xustificación da inclusión deste punto na orde do día baséase na necesidade de non agardar ó Pleno ordinario de marzo para dar por terminada a fase de presentación de documentación anexa á solicitude de inclusión de investimentos no POS-2016.

En cumprimento do disposto polo artigo 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dada a falta de ditame da Comisión Informativa correspondente, pola Presidencia pásase a votación a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno

**A Corporación, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno.**

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións** producíndose as seguintes:

**A Sra. Veiga, Voceira do Equipo de Goberno**, da lectura ó Decreto da Alcaldía nº 8/2016, de data 15 de xaneiro de 2016

**A Corporación dase por enterada e acorda por unanimidade a ratificación do contido do Decreto que se transcribe íntegramente a continuación:**

### **“Decreto nº 8/2016**

Don Jorge Jesús Tuñas Caamaño, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña.

Visto o Requirimento feito a este Concello sobre emenda da documentación presentada telemáticamente na Convocatoria POS-Obras Sum/2016, concretamente sobre defectos detectados na documentación no seu día enviada á Deputación Provincial da Coruña, requirimento referente ó envío da “aprobación do proxecto corrixido por Decreto da Alcaldía e ratificado no Pleno correspondente”, do denominado “Proyecto básico y de ejecución de hormigonado de pistas y muro de contención: Pista en Negreiroa, Pista en Bellalta, Pista en Gorgal, Pista en Niñarelle, Pista en Chancela y Muro de contención en Mourís (POS 2016)”, e dado que os cambios introducidos non afectan á natureza nin ó importe das obras -----

En cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,-----

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Aproba-lo novo orzamento contido na folla denominada “Resumen de presupuesto” do proxecto arriba citado na cantidade de cincuenta e oito mil trescentos oitenta e ún euros euros con quince céntimos (58.381´15 €).

**Segundo.-** Dar conta deste Decreto ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente Resolución, para o seu coñecemento e ratificación.

**Terceiro.-** Dar traslado da presente Resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de Competencia Municipal (POS 2016). Negreira, 15 de xaneiro de 2016. Jorge Jesús Tuñas Caamaño. Alcalde-Presidente.

**PUNTO QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BONIFICACIÓN NA COTA TRIBUTARIA DO ICIO A FAVOR DA AA.VV. SAN EUTELO DE LOGROSA.**

**Sr. Alcalde:** A urxencia deste punto motívase pola necesidade de dar pronta e cumprida resposta á Asociación Veciñal San Eutelo de Logrosa.

En cumprimento do disposto polo artigo 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dada a falta de ditame da Comisión Informativa correspondente, pola Presidencia pásase a votación a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno

**A Corporación, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión do punto na orde do día deste Pleno.**

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións** producíndose as seguintes:

A **Sra. Veiga, Voceira do Equipo de Goberno**, da lectura á Proposta de Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2016.

**Sr. Hombre:** lmos votar a favor, trátase dunha obra pendente de subvención que non pode xustificarse sen o outorgamento da licenza municipal correspondente á que vai adscrito o outorgamento da bonificación obxecto deste punto da orde do día.

Pola Presidencia, **dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [correo@concellodenegreira.es](mailto:correo@concellodenegreira.es)

A actual Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, regula, no seu artigo 9º, as bonificacións potestativas que este Concello pode conceder, mediante acordo do Pleno.

Presentada memoria motivadora do especial interese para este Concello das obras de limpeza e repintado no interior da igrexa de Santa Eulalia en Logrosa, considérase que, dado o seu interese patrimonial e cultural, procede a concesión da bonificación máxima que marca a nosa ordenanza do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

A Corporación acorda o seguinte:

**Único:** Aprobar a concesión dunha bonificación do 95% na cota polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras á AA.VV San Eutelo de Logrosa, na liquidación do citado imposto polas obras de limpeza e repintado no interior da igrexa de Santa Eulalia de Logrosa.

***E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o que eu como Secretaria certifico.-***

Vº e Prace  
O Alcalde



A Secretaria



